

ROSALÍA DE CASTRO



Rosalía de Castro naceu o **23** de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela e pasou unha infancia moi feliz coa súa nai en Padrón. Voltou, xa de moza, a Santiago a estudar música, arte e literatura e alí coñeceu a moitos escritores galegos.

Despois marchou a Madrid onde coñeceu a Manuel Murguía co que casou e tivo sete fillos.

Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O seu libro «*Cantares Gallegos*» era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma.

Para celebrar a publicación deste libro de poemas cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas e cada **23** de febreiro lembramos que ese día foi o do nacemento da nosa escritora máis importante: Rosalía de Castro.

Escribir en galego no século XIX, cando viveu Rosalía, era difícil, porque a nosa lingua estaba moi desprestixiada e só se consideraba propia de xentes de pouca cultura.

Rosalía escribiu en prosa e en verso sobre historias e sentimentos propios do pobo, da sociedade e da cultura galega.

Case non hai fotos dela, pero si varios debuxos e caricaturas.



CARICATURA DE ROSALÍA DE CASTRO REALIZADA POR D. PINTOR



CARICATURA DE MANUEL MURGUÍA, MARIDO DE ROSALÍA, REALIZADA POR SIRO LÓPEZ.

ACTIVIDADES



1.- Onde naceu Rosalía de Castro?

● _____

2.- Que día?

● _____

3.- Onde pasou a súa infancia?

● _____

4.- Con quen viviu en Padrón cando era unha nena?

● _____

5.- Como se chamaba o seu marido?

● _____

6.- En que cidade o coñeceu?

● _____

7.- Cantos fillos tiveron?

● _____


8.- Como se titula o primeiro libro de Rosalía escrito en galego?

● _____

9.- Qué imaxes dirías que representan a Rosalía de Castro?



Resolve este encrucillado con datos da vida de Rosalía.



HORIZONTAIS

- 1.- Apelido da autora do libro «*Cantares Gallegos*».
- 2.- Cidade española na que coñeceu ao que sería o seu marido.
- 3.- Cidade galega na que estudou música, arte e literatura.
- 4.- Número de fillos que tiveron Rosalía e Manuel Murguía.
- 5.- Localidade galega na que Rosalía pasou a súa infancia.
- 6.- Apelido de Manuel, o marido de Rosalía de Castro.
- 7.- Mes no que naceu Rosalía.
- 8.- Nome da escritora galega máis importante.

